
Proba de

Código

CSPEA05

**Filosofía e
cidadanía**

Filosofía e cidadanía



1. Formato da proba

Formato

- A proba constará de 20 cuestións tipo test.
- As cuestións tipo test teñen tres posibles respostas, das que soamente unha é correcta.

Puntuación

- Puntuación: 0,50 puntos por cuestión tipo test correctamente contestada.
- Cada cuestión tipo test incorrecta restará 0,125 puntos.
- As respostas en branco non descontarán puntuación.

Duración

- Este exercicio terá unha duración máxima de 60 minutos.



2. Exercicio

1. O feito de que existan mutacións xenéticas...

El hecho de que existan mutaciones genéticas...

- A** Bota por terra a teoría da evolución de Darwin.
Echa por tierra la teoría de la evolución de Darwin.
- B** Encaixa coa teoría da evolución de Darwin e complementáaa.
Encaja con la teoría de la evolución de Darwin y la complementa.
- C** Non contradí nin tampouco completa a teoría de Darwin.
No contradice ni tampoco completa la teoría de Darwin.

2. Cal das seguintes especies humanas é máis antiga?

¿Cuál de las siguientes especies humanas es más antigua?

- A** Homo neanderthalensis.
- B** Homo habilis.
- C** Homo sapiens.

3. Que é o “proceso de humanización”?

¿Qué es el “proceso de humanización”?

- A** As transformacións anatómicas e biolóxicas que deron lugar á especie humana.
Las transformaciones anatómicas y biológicas que dieron lugar a la especie humana.
- B** A consolidación do bipedismo e a liberación das mans.
La consolidación del bipedismo y la liberación de las manos.
- C** Os cambios e as conquistas culturais acumulados pola especie humana.
Los cambios y las conquistas culturales acumulados por la especie humana.

4. Que é “proceso de socialización”?

¿Qué es “proceso de socialización”?

- A** A adquisición por parte do individuo dos patróns culturais existentes no grupo.
La adquisición por parte del individuo de los patrones culturales existentes en el grupo.
- B** A repartición de responsabilidades dentro do grupo.
El reparto de responsabilidades dentro del grupo.
- C** A formación e a organización de grupos sociais.
La formación y la organización de grupos sociales.



5. Tanto os mitos como a filosofía...

Tanto los mitos como la filosofía...

- A** Intentan dar explicacións derradeiras da realidade para poder orientar a vida humana e darlle sentido.
Tratan de dar explicaciones últimas de la realidad para poder orientar la vida humana y darle sentido.
- B** Supoñen que a natureza se rexe por leis regulares e previsibles.
Suponen que la naturaleza se rige por leyes regulares y previsibles.
- C** Supoñen que a natureza está gobernada por forzas sobrenaturais imprevisibles.
Suponen que la naturaleza está gobernada por fuerzas sobrenaturales imprevisibles.

6. Nun razoamento dedutivo, se as premisas das que se parte son verdadeiras, a conclusión é:

En un razonamiento deductivo, si las premisas de las que se parte son verdaderas, la conclusión es:

- A** Moi probablemente verdadeira.
Muy probablemente verdadera.
- B** Necesariamente verdadeira.
Necesariamente verdadera.
- C** Verdadeira ou falsa con igual probabilidade.
Verdadera o falsa con igual probabilidad.

7. Que método utilizan as ciencias formais?

¿Qué método utilizan las ciencias formales?

- A** Hipotético-dedutivo (de Galieo)
Hipotético-deductivo (de Galileo)
- B** Axiomático-indutivo
Axiomático-inductivo
- C** Axiomático-dedutivo.
Axiomático-deductivo.

8. Para refutar unha hipótese científica...

Para refutar una hipótesis científica...

- A** Cómpre que a contradigan varios casos.
Es necesario que la contradigan varios casos.
- B** Abonda con que a contradiga un caso.
Basta con que la contradiga un caso.
- C** Cómpre que a contradigan todos os casos.
Es necesario que la contradigan todos los casos.



9. Por “uso práctico” da racionalidade (ou “razón práctica”) enténdese a función de:

Por “uso práctico” de la racionalidad (o “razón práctica”) se entiende la función de:

- A** Representar, interpretar e explicar a realidade.
Representar, interpretar y explicar la realidad.
- B** Dirixir e planificar os obxectivos, as accións e a toma de decisións humanas.
Dirigir y planificar los objetivos, las acciones y la toma de decisiones humanas.
- C** Levar á práctica as teorías.
Llevar a la práctica las teorías.

10. Para que exista verdadeira liberdade humana...

Para que exista verdadera libertad humana...

- A** Abonda con que se dea indeterminación (ausencia de impedimentos para a acción).
Basta con que se dé indeterminación (ausencia de impedimentos para la acción).
- B** É suficiente con que existan distintas opcións para elixir.
Es suficiente con que existan distintas opciones para elegir.
- C** É necesario que exista indeterminación e distintas opcións para elixir.
Es necesario que exista indeterminación y distintas opciones para elegir.

11. Chámanse “deontolóxicas” as teorías éticas que poñen o acento...

Se llaman “deontológicas” las teorías éticas que ponen el acento...

- A** Máis na felicidade persoal que nos deberes con relación aos demais.
Más en la felicidad personal que en los deberes con relación a los demás.
- B** Máis nos deberes con relación aos demais que na felicidade persoal.
Más en los deberes con relación a los demás que en la felicidad personal
- C** Máis na procura do pracer.
Más en la búsqueda del placer.

12. As teorías éticas “formais” limítanse a:

Las teorías éticas “formales” se limitan a:

- A** Definir o procedemento ou a forma de actuar moralmente ben en calquera caso.
Definir el procedimiento o la forma de actuar moralmente bien en cualquier caso.
- B** Definir só o que se debe evitar, pero non o que se debe facer en cada caso.
Definir sólo lo que se debe evitar, pero no lo que se debe hacer en cada caso.
- C** Definir o que se debe evitar e tamén o que se debe facer en cada caso.
Definir lo que se debe evitar y también lo que se debe hacer en cada caso.



13. Para Kant, a procura da xustiza...

Para Kant, la búsqueda de la justicia...

- A** Pode ser incompatible coa felicidade propia.
Puede ser incompatible con la felicidad propia.
- B** É sempre compatible coa felicidade propia.
Es siempre compatible con la felicidad propia.
- C** É sempre incompatible coa felicidade propia.
Es siempre incompatible con la felicidad propia.

14. As principais teorías éticas actuais tratan de:

Las principales teorías éticas actuales tratan de:

- A** Optar polo ideal da xustiza, mesmo sacrificando a felicidade persoal.
Optar por el ideal de la justicia, incluso sacrificando la felicidad personal.
- B** Optar pola felicidade persoal, mesmo sacrificando o ideal de xustiza.
Optar por la felicidad personal, incluso sacrificando el ideal de la justicia.
- C** Compatibilizar os ideais de xustiza e felicidade persoal.
Compatibilizar los ideales de justicia y felicidad personal.

15. A idea de “contrato social” nace para:

La idea de “contrato social” nace para:

- A** Darlle lexitimidade ao Estado moderno.
Dar legitimidad al Estado moderno.
- B** Xustificar a idea de nación.
Justificar la idea de nación.
- C** Fundamentar o capitalismo.
Fundamentar el capitalismo.

16. Hobbes define o “estado de natureza” como:

Hobbes define el “estado de naturaleza” como:

- A** Unha situación de felicidade e inocencia primitiva.
Una situación de felicidad e inocencia primitiva.
- B** Unha situación de guerra de todos contra todos por querer apropiarse cada un de todo.
Una situación de guerra de todos contra todos por querer apropiarse cada uno de todo.
- C** Un pacto de respecto mutuo.
Un pacto de respeto mutuo.



17. A “sociedade civil” é:

La “sociedad civil” es:

- A** A organización política da sociedade.
La organización política de la sociedad.
- B** A organización civilizada da sociedade.
La organización civilizada de la sociedad.
- C** O conxunto de relacións sociais non reguladas polo Estado.
El conjunto de relaciones sociales no reguladas por el Estado.

18. O liberalismo político trouxo a idea de que existen uns...

El liberalismo político trajo la idea de que existen unos...

- A** Dereitos e unhas liberdades individuais que debe garantir unha Constitución.
Derechos y unas libertades individuales que debe garantizar una Constitución.
- B** Dereitos sociais que debe garantir unha Constitución.
Derechos sociales que debe garantizar una Constitución.
- C** Dereitos individuais e sociais que debe garantir unha Constitución.
Derechos individuales y sociales que debe garantizar una Constitución.

19. O “Estado de dereito” consiste en que:

El “Estado de derecho” consiste en que:

- A** O Estado utilice o dereito para regular a vida social.
El Estado utilice el derecho para regular la vida social.
- B** Os xuíces apliquen ben as leis do Estado.
Los jueces apliquen bien las leyes del Estado.
- C** O propio Estado e os seus poderes estean sometidos ao Dereito.
El propio Estado y sus poderes estén sometidos al derecho.

20. O concepto de “cidadanía” nace:

El concepto de “ciudadanía” nace:

- A** En Grecia, aínda que limitado aos varóns libres nados na polis.
En Grecia, aunque limitado a los varones libres nacidos en la polis.
- B** Coas revolucións burguesas modernas.
Con las revoluciones burguesas modernas.
- C** Coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos da ONU.
Con la Declaración Universal de los Derechos Humanos de la ONU.